

INSTRUCCIÓN Nº 5/2008, DA SECRETARÍA XERAL DE INTERPRETACIÓN DO REGULAMENTO DO 15 DE FEBREIRO DE 2008 DOS INTERCAMBIOS INTERUNIVERSITARIOS DE ESTUDOS

No regulamento do 15 de febreiro de 2008 dos intercambios interuniversitarios de estudantes establécese a posibilidade de que os/as alumnos/as se matriculen dun máximo de 20 créditos en materias non suspensas que non poidan ser incluídas no compromiso de estudos ou acordo académico. Por outra parte, os acordos académicos que se asinaron para o presente curso académico 2007/08 se formalizaron antes do inicio do mesmo e antes de que se publicase a convocatoria de matrícula polo que se están a detectar casuísticas moi diversas no modo de interpretar este suposto para o que cómpre dar as instrucións precisas e actuar de forma que non prexudique ós/ás alumnos/as que xa se encontran de intercambio.

Así mesmo, no artigo 9.12 do citado regulamento, establécese que *“o número máximo de créditos que se poden incluír no compromiso de estudos ou acordo académico será o equivalente a 60 créditos ECTS para un curso académico completo ou o equivalente a 30 créditos ECTS para un cuatrimestre”*. Nas novas titulacións de grao, 60 créditos ECTS representan un curso completo, pero nas actuais titulacións o número de créditos de cada curso é distinto para cada titulación, incluso dentro dunha mesma titulación cada curso pode ter un número de créditos diferente. Ademais, aos alumnos que solicitan bolsas e axudas ao estudo da convocatoria xeral esíxelles que se matriculen dun número de créditos mínimo en moito casos superior a 60 créditos.

Cómpre, pois, regular con carácter transitorio o número máximo de créditos que se poidan incluír no compromiso de estudos nas actuais titulacións, para permitir que os/as alumnos/as realicen no programa de intercambio o equivalente a un curso completo, que é o que se pretende co disposto no regulamento.

Ademais, no artigo 10.4 establécese que *“o réxime de estudos e convocatorias será o da universidade de destino, pero poderanse presentar á convocatoria de setembro na USC naquelas materias recollidas no compromiso de estudos ou acordo académico que non superasen na universidade de destino sempre que teñan unha materia equivalente na súa titulación, logo de comunicación ao coordinador, quen deberá informar aos/ás profesores/as responsables das materias”*. Na instrución 2/2007 sobre actas de exame, régúlase que os /as alumnos/as que cursen estudos noutra universidade no marco dun convenio de intercambio universitario de cooperación figurarán na acta de exame coa mención *“sen cualificar”*, sempre e cando os estudos cursados noutra universidade deban ser obxecto de recoñecemento de estudos de acordo coas disposicións que regulan este tipo de estudos. Para permitir que estes /as alumnos/as poidan ser cualificados na convocatoria de setembro, é necesario que se comunique ás Unidades de Xestión Académica para que se permita a cualificación dos/as alumnos/as nas materias indicadas.

Por este motivo, esta Secretaría Xeral dita a seguinte instrución:

Primeira.- Para o ano académico 2007/08 aplicarase con efectos retroactivos inicio do curso o Regulamento de Intercambios de 15 de febreiro de 2008 naqueles aspectos que pode beneficiar aos/as alumnos/as da USC. En concreto, a matrícula dos/as alumnos/as de intercambio debe



incluir as materias do acordo académico ou compromiso de estudos, e poderá matricularse das materias suspensas e, a maiores, ata un máximo de 20 créditos noutras materias da titulación que non se encontren nos anteriores supostos para render exame delas na USC.

Segunda.- Para que os profesores poidan cualificar aos/as alumnos/as que soliciten concorrer aos exames da convocatoria de setembro nesta universidade naquelas materias que non superaron e que figuraban no acordo académico ou compromiso de estudos, os coordinadores académicos ou os responsables de unidades de centros deberán comunicar á Unidade de Xestión Académica correspondente a relación de alumnos/as e materias. Esta comunicación poderá ser realizada por correo electrónico, sempre que quede constancia da súa recepción pola Unidade de Xestión Académica. Recibida a comunicación, procederase a facer as xestións necesarias para que se habilite nas actas a posibilidade de cualificar estes/as alumnos/as.

Estas materias, cualificadas en acta na convocatoria de setembro (segunda convocatoria ordinaria), non poderán ser recoñecidas por ter cursado estudos no programa de intercambio, pero terán que figurar na resolución de recoñecemento como non superadas ("non presentado" ou "suspenso", segundo proceda), para os efectos de cómputo da primeira convocatoria ordinaria.

Terceira.- Para as actuais titulacións de Diplomado, Enxeñeiro Técnico, Mestre, Licenciado ou Enxeñeiro, o máximo de créditos que se poden incluír no compromiso de estudos ou acordo académico será o equivalente a un curso completo, de acordo coa orientación que se establece no plan de estudos. Para estes efectos, no caso de alumnos/as que se matriculen en materias de varios cursos ou que no plan de estudos non estableza unha distribución por cursos, o máximo de créditos será o resultado de dividir o número total de créditos da titulación entre o número de anos. Para estes estudos un/unha alumno/a de intercambio deberá formalizar a matrícula nas materias que vaia a cursar en réxime de intercambio, podendo así mesmo matricularse de todas ou parte das materias suspensas e de un máximo de 20 créditos a maiores.

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2008

A secretaria xeral



Isabel García-Rodeja Gayoso